



RESTABLECEMENTO DE SUBMINISTRACIÓN DAS VACINAS DE dTpa e Td

dTpa: difteria, tétano e tose ferina acelular de baixa carga antixénica

Td: difteria e tétano tipo adulto

Como consecuencia do desabastecemento destas vacinas por parte dos laboratorios titulares no Estado español, os programas de vacinación víronse obrigados a interromper os seus calendarios e priorizar a súa utilización naqueles colectivos ou situacións de maior risco.

Neste momento conseguiu-se o restablecemento da subministración de doses suficientes para **normalizar o seu uso seguindo as indicacións do Programa galego de vacinación, así como recaptar todas as persoas que non puideron facelo no seu momento.**

Por isto:

- O **día 2 de maio** normalizarase a vacinación con dTpa e Td.

Para solicitar as doses, os puntos de vacinación deben pedilas pola vía ordinaria entre o 17 e o 25 de abril e serán servidas o 27-28 deste mes.

- As indicacións de uso resúmense a continuación (serán ampliadas nunha nota informativa que se enviará e colgará na páxina web en próximas datas):

Vacinación con dTpa:

- Vacinación da **muller embarazada**, entre as semanas 28 e 36 da xestación e con preferencia na semana 32. Continuarase como ata agora e segue sendo prioritaria dada a gravidade da tose ferina nos lactantes.



- **Calendario de vacinación infantil:**

- Vacinaranse os/as nenos/as nados/as segundo vaian cumprindo os seis anos.

- Administraráselles a 5ª dose desta vacina dTpa a todos os nenos que non a puideron recibir ao cumprir os 6 anos dende maio de 2015. Así recibirán unha dose

- . Os/as que cumpriron 6 anos durante os anos 2015 e 2016 (cohortes de nacemento anos 2009 e 2010) e que non recibiron esta dose de recordo aos 6 anos.

- . Os/as nados/as en 2011 que cumpriron 6 anos neste ano 2017 antes de maio.

As/os nenas/os destas cohortes que cumpriron os 6 anos anteriormente recibirán a vacina segundo vaian acudindo aos puntos de vacinación. O Programa Galego de Vacinación realizará un seguemento das coberturas obtidas para valorar se é necesario realizar posteriormente unha captación activa.

Vacinación con Td

- Administrarase unha dose aos que vaian cumprindo os 14 anos, así como aos que non a puideron recibir nestes meses pasados por falta de dispoñibilidade.
- Vacinación de adultos, para completar ou iniciar pautas de persoas non vacinadas con anterioridade e doses de recordo.
- Profilaxe en caso de feridas tetanixenas e noutras situacións de risco.



Para evitar problemas aos usuarios e garantir o normal desenvolvemento do sistema asistencial recoméndase **pedir cita** para a administración destas vacinas.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2017

O director xeral de Saúde Pública



Andrés Paz-Ares Rodríguez